



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DOS NIVEIS BÁSICO A1, BÁSICO A2, INTERMEDIO B1, INTERMEDIO B2, AVANZADO C1 E AVANZADO C2 DAS ENSINANZAS DE IDIOMAS DE RÉXIME ESPECIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 3 de maio de 2018, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos niveles Básico A1, Básico A2, Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de Réxime Especial na Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Para o artigo 3, punto 3, apartado d), propónse a supresión do texto en negriña: “As ensinanzas de nivel Intermedio B2 de español como lingua estranxeira, galego e portugués desenvolverase ao longo dun curso académico, cunha duración total de 120 horas”.
2. Para o artigo 3, punto 4, apartado b), propónse a supresión do texto en negriña: “As ensinanzas de nivel Avanzado C1 de español como lingua estranxeira, galego e portugués desenvolverase ao longo dun curso académico, cunha duración total de 120 horas”.

Non obstante, en relación aos puntos anteriores, os representantes da Consellería de Cultura, Educación e O.U. manifestan a vontade de establecer un procedemento que facilite ao alumnado de portugués desenvolver os seus estudos en condicións semellantes ás que ten o alumnado que cursa galego.

3. No artigo 7, punto 1, propónse unha nova redacción co seguinte texto: “As ensinanzas de idiomas estarán orientadas ao desenvolvemento das distintas actividades de lingua, polo que se deberá abordar o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso. Para iso, deberase concibir a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe e poida levar a cabo as actividades de comprensión, produción e mediación propias de cada nivel. Nestas situacións procurarase activamente a erradicación de calquera tipo de acción ou comportamento que conleve unha linguaxe sexista, o cuestionamento de estereotipos de xénero desigualitarios ou calquera outro que puidera considerarse discriminatorio por orixe, raza ou condición.”
4. No artigo 10, punto 3, propónse a adición do texto en negriña: “A custodia, confidencialidade e arquivo dos expedientes académicos correspóndelle aos centros, de acordo a normativa de protección de datos de carácter persoal vixente”.
5. Por último, o Consello escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que acometa un plan específico de formación permanente do profesorado das Escolas Oficiais de Idiomas, especialmente para os docentes que impartirán nos niveis C1 e C2.

V. e pr.
O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés



O Secretario

José Alejo Losada Aldrey